



ANUNCIO RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO SECTOR B-4 EN FONTE SANTA SOLICITADA POLA ASOCIACIÓN JUAN XXIII

A Xunta de goberno local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar en data 16/03/2015, adoptou o seguinte acordo que, na súa parte dispositiva literalmente, dí:

(...)Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao proxecto de modificación puntual nº2 do Plan Parcial do Sector B-4/Fonte Santa, instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola “Asociación Juan XXIII” e redactado pola arquitecta dona María Teresa Táboas Veleiro, datado en agosto de 2014, que ten por finalidade concretar unha ordenación detallada da parcela cedida en compensación do 10 % do aproveitamento do polígono coa finalidade de permitir a materialización dun uso dotacional consistente na construción dunha residencia e centro de día para persoas con discapacidade “fogar do grupo da comunidade”, en desenvolvemento do acordo de colaboración asinado o 16/03/2012.

Segundo.- Someter a información pública o expediente incluíndo o resumo executivo, por prazo de un mes mediante a publicación de anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, “Boletín Oficial” da Provincia, Taboleiro de Edictos do Concello, na páxina web <http://www.pontevedra.gal> e en dous xornais de maior difusión da Provincia, a efectos de que durante dito período poidan formularse as alegacións e suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data de publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola secretaria xeral, con notificación individual aos propietarios do terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente; notificación que se fará por medio de anuncios no Taboleiro de edictos do Concello e BOP cando sexan descoñecidos, sexa ignorado o lugar de notificación ou tentada esta non se puidera practicar. (...)”

*Faise constar que o resumo executivo atópase dispoñible, ademais de no expediente, na páxina web do concello de Pontevedra <http://www.pontevedra.gal>, na sección Taboleiro de anuncios.

Pontevedra, 17 de marzo de 2015

O ALCALDE

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Asdo.: D. Miguel Anxo Fernández Lores Asdo.: D. Raimundo González Carballo